

A pílula anticonceptiva de proxestáxeno soio

É un método reversíbel, seguro para a saúde e moi eficaz, composto por unha soia hormona similar á proxesterona ovárica (proxestáxeno). Tamén é coñecida como “a mini-pílula”.

A súa eficacia baséase en que suprime a ovulación e espesa o tapón de moco do colo do útero.

Normas de uso:

- Principiase o día primeiro da regra, cunha pílula, do mesmo día da semana que sexa. Así son eficaces dende a primeira.
- Escoller o mesmo momento do día para tomala, por mor de garantir o cumprimento.
- Tómase unha tódolos días, e ó rematar o envase, empálmase con outro novo sen descansar, e así sempre.

Comentario: Mudanzas do patrón de sangrado

Ó tomalas sen interrupcións, non se provoca unha regra artificial periódica. Os sangrados con este tratamento, case sempre escasos, poden ser mensuais, poden non ter ritmo, ou mesmo non producirse, tanto ten. Iste “patrón” de sangrados varía dunha muller a outra, por iso compre probar varios meses para coñecelo en cada caso, e así avaliar se resulta cómodo ou non. Adoitan ser máis irregulares nos primeiros meses, para estabilizarse despois.

Situacións especiais		
Situacións	Risco de Fallo	Actuación
Retraso de menos de 12 h. na toma dunha pílula.	Non	Tomala antes das 12 h. de atraso e continuar coas seguintes coma sempre.
Retraso de máis de 12 h. na toma dunha pílula.	Sí	Tomala ó decatarse do atraso, continuar coas seguintes coma sempre, e usar outro anticonceptivo de reforzo os 7 días seguintes.
Trousos (vómitos) antes de ter pasado 1h. dende a toma.	Sí	Tomar unha pílula doutro envase cando pase o malestar, e sen esgotar as 12 h. de marxe para un atraso.
Trousos e/ou diarreas severas (máis de 24 horas).	Sí	Suspender as pílulas deica ó remate do trastorno gastro-intestinal. Usar preservativos. Re-iniciar a toma usando condón os 7 primeiros días.
Toma de medicamentos: anticonvulsionantes, herba de San Xoán.	Sí	Informar a teu médico, pois podería haber diminución da eficacia anticonceptiva.
Toma de medicamentos: antibióticos, anti-inflamatorios, analxésicos (calmantes), etc.	Non	Continuar coas pílulas coma sempre.